



MEMORIA DO PROXECTO VOZ NATURA

CEIP A LAMA

2021/2022

INTRODUCCIÓN

O **CEIP A Lama** é un centro público de infantil e primaria da montaña da provincia de Pontevedra, **entre as serras do Suído e do Cando**, que contan con zonas catalogadas na Rede Natura 2000.

Constan nos nosos arquivos, actuacións realizadas dentro do Proxecto Voz Natura dende o ano 2000, pero sempre nos contaron os compañeiros que nos precederon nesta singradura, que a escola levaba participando dende a primeira edición, aló polo 1997. Pode ser polo tanto, que se trate da nosa 25ª participación.

Nesta memoria de actuacións realizadas queremos deixar constancia de varias cousas: a nosa metodoloxía de traballo e a súa integración no currículo, a relación que vimos outorgando ao Proxecto Voz Natura co Proxecto Educativo de Centro, co proxecto de Biblioteca Escolar, as sinerxias que logramos ir establecendo e a colaboración con distintas entidades e membros da comunidade educativa e local da Lama.

Xa hai uns anos, en concreto no curso 2010/2011, comezamos un proceso de transición metodolóxica na escola para facer da Alfabetización Informacional e Mediática (ALFIN) un dos nosos sinais de identidade.

Dende ese momento vimos aplicando ao Proxecto Voz Natura esa metodoloxía de traballo, para facer unha investigación sobre a temática proposta cada ano: A Auga, Os Bosques, As Enerxías Sostibles, A Agricultura Ecolóxica, O Equilibrio entre as Especies, O Monte, O Camiño de Santiago... son algúns dos exemplos.

Este traballo de investigación que detallaremos máis adiante complementábase coas iniciativas e actuacións concretas que



desenvolvemos cada ano: reforestación, Rastro Solidario, Viveiro de Árbores, Invernadoiros, Proxectos Audiovisuais, charlas e saídas medioambientais, compostaxe comunitaria (Revitaliza), colaboración con asociacións e entidades da contorna...



CONTEXTO

Somos un centro rural, que conta este ano con 6 unidades, 2 de Infantil e 4 de Primaria, cun total de 85 alumnos matriculados.

O claustro está conformado por 14 profesores dos cales 3 son itinerantes e 2 están a media xornada.

A xornada lectiva é partida, comezando as clases ás 10:00 e rematando ás 13:30, para retomarse ás 15:00 e finalizando a xornada ás 16:30.

Como experiencia destacar que a escola leva 25 anos en Proxecto Voz Natura, e comezou no PLAMBE no ano 2009.

Outros proxectos a destacar son o de Escornabots, Lectura Dixital, Impresión 3D, Radio na Biblio e varias modalidades de Contratos-Programa.

Podemos dicir que contamos cunhas boas instalacións e bastantes recursos froito destes proxectos e plans instaurados.

O nivel socioeconómico é medio-baixo segundo as estatísticas realizadas a partires das probas de avaliación de 3º e 6º dos últimos anos. Este dato xa era algo que o claustro coñecía e vén a consolidar a nosa idea da importancia que ten na Lama a nosa escola como compensadora das desigualdades en tódolos termos.



OBXECTIVOS DO PROXECTO

Seleccionamos para o desenvolvemento do proxecto os seguintes obxectivos xerais que serán concretados nas programacións das distintas aulas:

- Respetar a natureza, poñendo en valor a súa conservación e a súa divulgación.
- Comprender como a acción do home pode afectar aos ecosistemas.
- Acadar un equilibrio sostible entre os seres humanos e o medio que nos rodea.
- Crear unha conciencia ambiental no profesorado, alumnado, familias e resto da comunidade.
- Mellorar as boas prácticas medioambientais na escola mediante a redución do consumo de recursos (auga, enerxía, papel...) e da produción de residuos.
- Realizar distintas intervencións no medio ambiente que nos permitan fomentar entre o alumnado unha conciencia medioambiental a través da **ACCIÓN DIRECTA**.

Como nesta convocatoria o tema era libre, decidimos centrarnos nunha das temáticas traballadas nas últimas edicións. Para nós é moi importante o monte, polo que titulamos o noso traballo deste ano:

“Estamos a monte!”



METODOLOXÍA DE TRABALLO

A metodoloxía que vimos empregando nos últimos 12 anos, e que foi recoñecida polo Ministerio de Educación co 1º Premio Boas Prácticas na Biblioteca Escolar no ano 2011, así como coas distincións: Boas Prácticas Leer.es e Boas Prácticas 2.0, en anos sucesivos é a dos Proxectos Documentais Integrados (PDI).

Os PDI motivánnos a procurar información en diversas fontes (orais e escritas) e en distintos soportes (libros, CDs, DVDs, internet...), construimos a aprendizaxe a partir do que xa sabemos, estruturamos a información para poder recollela logo en documentos que expoñer diante dos compañeiros...

No noso caso, toda a escola desenvolve o proxecto ao tempo, cunha temática común (que cada ciclo concreta un pouco máis), e o fai pasando por unha serie de fases que nós xeneralizamos en: motivación, procura e tratamento da información, e exposición do aprendido.

A Biblioteca será a principal ferramenta para o seu desenvolvemento, pois profesores e alumnos atoparemos nela: documentos axeitados, elementos tecnolóxicos precisos, espazo de traballo, formación, organización...

Trátase dunha “revolución” imparabile dentro das dinámicas dos noso centro, que fai que toda a programación anual vaia xirando entorno a ela: conmemoracións, saídas, temáticas para outras actividades...

O Proxecto Documental Integrado está totalmente entroncado no noso proxecto educativo e o noso alumnado identifícao coma un dos xeitos de aprender que temos na nosa escola: máis motivador, que establece claras conexións entre o que xa saben e o que aprenden, que lles dá

opción de empregar as novas tecnoloxías que tanto lles atraen, que lles achega ao coñecemento dun xeito ameno e divertido e que lles trae novas experiencias.

APRENDER A PARTIR DUNHA METODOLOXÍA SIGNIFICATIVA, INTEGRANDO AS NOVAS TECNOLOXÍAS E OFRECENDO AO RESTO DA COMUNIDADE OS RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN

FASE DE MOTIVACIÓN

Durante o mes de outubro desenvolvemos a fase inicial do proxecto: a motivación.

É o momento de xuntárense no grupo e debater sobre o que queremos saber, baseándonos no que xa sabemos.

Preténdese espertar no alumnado as gañas de aprender sobre o tema elixido: empregando películas, documentais, lecturas axeitadas, saídas a lugares especiais...

Unhas veces na aula, outras unindo varias clases, procuramos ter distintos tipos de vivencias que nos conduzan, ben estimulados, á seguinte fase do proxecto.

A biblioteca ten que dotarse de documentos (libros, DVDs, láminas, APPs...) que teñan que ver coa temática traballada, para poder facer esta investigación.



PROCURA E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

A segunda fase do proxecto; a que nos ocupa máis tempo, é a de investigación. O alumnado, logo de revisar no grupo cara onde quere encamiñar as súas pescudas, terá que procurar a información en diversas fontes documentais: libros, revistas, audiovisuais, recursos na rede, consulta con expertos, visitas a exposicións, experimentacións...

A información obtida non pode quedar simplemente aí, polo que será recollida en traballos que poden ter soportes diversos: murais, redaccións, presentacións dixitais, ilustracións, maquetas, etc.

Durante os meses que dura esta fase, entraremos no tema sen saber a ciencia certa ate onde nos levará; que sempre é moito máis aló do proxectado.

Que sexan uns usuarios competentes dos recursos que a Biblioteca brinda daralles vantaxe.

AS SAÍDAS ESCOLARES GAÑAN IMPORTANCIA, ENGADÍNDOLLE Á SÚA VERTENTE LÚDICA O ASPECTO INVESTIGADOR

A interdisciplinabilidade do PDI nos permite traballar tódalas áreas relacionándoas entre si.

Tamén nos permite desenvolvernos en todo tipo de soportes, tanto dixitais como analóxicos.

EXPOSICIÓN DO APRENDIDO

É na terceira e última fase no desenvolvemento do Proxecto Documental, na que o alumnado prepara con moito mimo a presentación dos materiais elaborados durante a fase anterior (procura e tratamento da información).

Se nesta última traballabamos con intensidade as competencias de Aprender a Aprender, a competencia do Tratamento da Información e a competencia Dixital, nesta última fase de exposición, potenciase a competencia en Comunicación Lingüística.

NON CHEGA CON APRENDER, HAI QUE SABER COMPARTILO COS DEMAIS

Deste xeito, para aproveitar os esforzos e establecer relacións entre as aprendizaxes, as áreas e os proxectos en marcha na escola, xurdiu a idea de traballar o **Proxecto Voz Natura dende a Biblioteca**, de xeito coordinado todo o centro cunhas fases concretas e co obxectivo de que Voz Natura no se quedara exclusivamente nas áreas de Naturais e Sociais, que a priori parecen máis directamente relacionadas.



ACTUACIÓNS

Durante os meses que dedicamos ao desenvolvemento do proxecto distinguimos **2 tipos de actuacións**: as **de investigación** e as **de intervención no medio**.

A continuación enumeraremos todas as que fixemos ao longo deste curso para ilas describindo máis adiante.

INVESTIGACIÓN

Como vén sucedendo dende que implantamos os PDI, a temática proposta por Voz Natura a concretamos en subtemas relacionados.

Baixo o título:

“Estamos a monte!”

A investigación de cada ciclo se dirixiu a:

- **“As aves e as árbores”** en Ed. Infantil.
- **“As árbores senlleiras”** en 1º de Primaria.
- **“Monticreques”** 2º de Primaria.
- **“Os montes e hábitats da Lama”** 3º e 4º de Primaria.
- **“O lobo”** 5º e 6º de Primaria.

Como ben explicabamos no apartado anterior, esta investigación prologouse ao longo do curso e contou coas fases de: motivación,

procura e tratamento de información e presentación (na que andamos no momento de redactar esta memoria).

INTERVENCIÓN NO MEDIO

Consisten en actividades con entidade propia que vimos realizando ano a ano, ou que xorden nun determinado curso por acontecementos inesperados.

Este curso tivemos:

- Reforestación 25 Aniversario Voz Natura.
- Invernadoiro e horta escolar.
- Charlas Axente Medioambiental.
- Saídas Inicio PDI.
- Rastro solidario polo Día da Paz.
- Sementa de landras, castañas, abelás e noces no viveiro de árbores da escola.
- Compostaxe Comunitaria.
- Plantación polo Día de Rosalía.
- Obradoiro de fotografía paisaxística con elementos da natureza.
- Participación no concurso Ecopreguntoiro.
- Visita á Carballeira dos Prados.
- Visita ao Carballo do Pelete.
- Visita aos pasos de Carrizáns coa asociación Adegas.
- Visita ao río Barbeira.
- Estudando as aves.
- Monticreques.
- Visita ao Museo de Ciencias Naturais da USC.



DESCRINCIÓN DAS ACTUACIÓNS

A continuación pasamos a describir as actuacións desenvolvidas amosando pequena testemuña gráfica.

Reforestación 25 Aniversario Voz Natura

O día 23 de marzo organizamos unha reforestación nunha parcela de 100.000 m2 pertencente á Comunidade de Montes da Lama.

Para a mesma convidamos ao centro veciño de Ponte Caldelas, o CEIP Manuel Cordo Boullosa.



Tamén contamos coa participación das familias, a ANPA, o Concello da Lama, a Brigada de Bombeiros Forestais do Campiño, os responsables do Distrito Forestal XIX, e a Consellería de Medio Rural representada polo Xefe Territorial e a Delegada Provincial de Montes, a Asociación A Rente do Chan e a honra de contar coa presenza do Comité Científico de Proxecto Voz Natura.



Plantáronse unhas 500 árbores: pino e frondosas (carballos, castiñeiros, aveleiras, carballo americano...) para completar a plantación que a Comunidade de Montes da Lama estaba desenvolvendo coa colaboración de Medio Rural.

Foi unha xornada magnífica, na que podemos gozar da paisaxe da Lama, a colaboración das familias, a participación da veciñanza.

Unha curiosidade moi importante é que a última actividade colectiva que fixo a escola antes do confinamento por mor da COVID 19 foi unha

saída a recoller plásticos á praia no ano 2020, dentro do proxecto Voz Natura, e a primeira que facemos é esta reforestación tamén co Proxecto como eixo vertebral da nosa acción medioambiental.



A xornada contou tamén cunha demostración da **Brigada Helitransportada do distrito forestal XIX**, que desprazou medios e persoas ao lugar.











Houbo tamén momentos para a divulgación contando coa presenza do “noso Axente Medioambiental”, **Antonio Membrives**, que colabora con nós dende o ano 2000.



Tamén é de agradecer a colaboración recibida por parte da Comunidade de Montes da Lama, que ano tras anos nos apoia nas nosas iniciativas e nos deixa intervir nos seus terreos para colaborar na mellora da nosa contorna.

As imaxes a vista de drone nos deixan por primeira vez unha espectacular estampa do traballo que se vén realizando nos máis de 20 anos que levamos en Voz Natura.



Contamos tamén coa participación da asociación local **A Rente do Chan**, que naceu logo da baga de lumes do ano 2017, coa iniciativa de recuperar monte queimada e cos que colaboramos dende entón.



Invernadoiro e horta escolar

Retomamos este curso a iniciativa do invernadoiro e horta escolar cun novo deseño baseado no emprego de madeira para a estrutura e botellas de plástico reempregadas para a cobertura e as paredes.



A intervención quedara aparcada mentres xuntabamos o material preciso para a súa construción. O máis importante, as botellas, pero non menos a colaboración das familias que puxeron moito da súa parte para que saíra adiante.

Da “arquitectura” do asunto ocupouse Miguel, pai dun alumno do centro, para a preparación das botellas puxemos a funcionar a maquinaria escolar, e todo alumnado e profesorado se puxo mans á obra para poder gozar desta marabilla.













Charla Axente Medio Ambiental

Unha das cousas que nos enche de satisfacción é a colaboración que mantemos con Antonio Membrives dende hai tantos anos.


Coma moitas veces nos lembra, moitos incendios comezan a extinguirse na escola, coa formación, a concienciación e a prevención.


Sempre podemos contar con el, e este ano non foi menor a súa presenza.



En distintas xornadas, o alumnado de Educación Infantil puido contar coas súas explicacións sobre aquelas cousas de interese para a investigación.

Faloulle de árbores, pero tamén de aves, pois traballou anos nese campo, facendo observación e seguimento de migratorias, entre outras cousas.







Rastro Solidario Día da Paz

Coma tódolos anos facemos un traballo solidario para conmemorar o día da Paz e a non Violencia na escola, e sempre o vencellamos á temática do Proxecto Voz Natura.



Os produtos, feitos con material de refugallo, véndense a un simbólico prezo de 1 €, e dedicamos o recadado a unha ONG ou asociación que traballe en algo relacionado coa nosa temática do ano.

Nas semanas previas ao 30 de xaneiro organizamos a tódalas aulas para que na hora de plástica elaboren todo aquilo que queren vender.

Nesta ocasión os cartos irán para A Rente do Chan.





Sementando landras, abelás e castañas

Hai moito tempo que levamos facendo esta actividade cada outono.

A sementa destas árbores caducifolias, que logo replantaremos no monte é unha das favoritas dos alumnos e alumnas máis pequenos.



Nesta ocasión tamén recuperamos numerosas árbores que agomaran accidentalmente en sacos de restos orgánicos que tiñamos acumulados preto do composteiros.

Fora una sorpresa grande ir coller un día follas secas, para mesturar cos restos do comedor que iamos botar e ver asomar as plantiñas de entre esas follas.







Compostaxe comunitaria

Dende hai 2 cursos, e en colaboración co Concello da Lama e a Deputación de Pontevedra, participamos na iniciativa Revitaliza.

Trátase de elaborar compost aproveitando os restos orgánicos que xeramos no comedor escolar



Esta iniciativa está enmarcada dentro das prácticas sostibles que queremos ir implantando pouco a pouco na escola: redución, reemprego e reciclaxe.

Apúntate á compostaxe



revitaliza

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA





Plantación polo Día de Rosalía

Facendo uso do abono que se xerou nos composteiros, puidemos preparar o terreo para unha fermosa actividade.

Seica á nosa poeta Rosalía de Castro lle gustaban moito as flores, e as que máis os pensamentos.



O 23 de febreiro, coincidindo co aniversario do seu nacemento, plantamos 90 pensamentos no xardín da escola.

Para labrar a terra contamos coa axuda de voluntarios de entre as familias.

Todo o alumnado do centro gozou dunha fermosa tarde e o noso patio luce fermoso dende entón.











Obradoiro de fotografía paisaxística

A través do traballo desenvolvido en coordinación coa Biblioteca da Escola tivemos a oportunidade de gozar cun obradoiro moi creativo: collage empregando elementos naturais e materiais escolares.



Mark Ritchie, fotógrafo australiano afincado en Ourense, deseñou os taller que durante unha xornada completa desfrutaron os alumnos de Educación Infantil e 1º ciclo de Primaria.

Paus, follas secas, piñas, area, fíos, algodón... foron os materiais empregados para estas obras efémeras que quedaron inmortalizadas pola súa cámara.







Participación no Ecopreguntoiro

Un ano máis Radio Voz quixo contar con nós para participar no concurso Ecopreguntoiro.

O alumnado de 6º curso de primaria estivo repasando os temas de ciencias naturais sobre os que se ía preguntar.



Os nervios xogaron esta vez unha mala pasada, e non puidemos pasar da primeira ronda.

A ver se temos mellor sorte a próxima vez.



Visita investigadora á carballeira dos Prados

Antes da chegada do inverno, o alumnado de 2º tivo unha saída moi especial: visitaron a carballeira dos Prados, que está catalogada como a de máis altitude de Galicia.

Cos seus cadernos de campo, e sen esquecer a tecnoloxía, tomaron fotos de moitos elementos a investigar.



Tamén levaron as novas lupas que acababamos de adquirir para poder observar pequenos insectos e máis de preto as estruturas vexetais das follas.

A visita tivo continuidade logo na aula estudando en profundidade os datos recollidos.







Visita ao Carballo do Pelete

O alumando de 1º de primaria tamén andou investigando sobre as nosas senlleiras.

Foron tomarlle a medida ao famoso carballo que está na aldea do Pelete. Lugar moi festeiro e emblemático no Concello da Lama.



Unha das motivacións foi a de aprender sobre as árbores máis anciáns e a súa importancia para certos ecosistemas.

De paso, tamén practicamos a medida.






Visita aos Pasos de Carrizáns coa Asociación ADEGA

Para seguir coa investigación do PDI, o alumnado de 2º visitou os Pasos de Carrizáns acompañado dun membro da Asociación Ecoloxista ADEGA. Alí puideron tomar diversas mostras que analizaron, todas elas indicadoras da salubridade dos nosos ríos.



Logo da visita, puideron traer distintas larvas e insectos, que despois volveron liberar, para observalos cos microscopios wifi que conectamos ás tablets.





Visita ao río Barbeira



O alumnado de 3º a 6º de Primaria realizou unha ruta por outro río do concello, o río Barbeira.

Acompañados por Dani, concelleiro de cultura e presidente da Asociación Río Barbeira, puideron coñecer de primeira man a riqueza desa zona do concello e as especies animais e vexetais que se dan, así como a utilización sostible dos recursos naturais, como pode ser o aproveitamento da enerxía hidráulica nun muiño tradicional.





Estudando as Aves


Educación Infantil quixo centrar a súa investigación no estudo dos paxaros que vemos tódolos días (ou dos que non vemos pero están aí).




Para isto foron recollendo numerosas elementos para estudar: fotos, debuxos, plumas, niños abandonados...

E mesmo contactaron coa ornitóloga de SEO Birdlife, Arantxa Leal, encargada do anelamento científico, que contestou por vídeo moitas das súas preguntas.

Antonio Membrives, tamén nos contou a súa experiencia neste mundo, que foi moi extensa.







NATALIA ESTÁ TOMANDO MEDIDAS AL MOSQUITERO, Y ELENA A SU AVE. EN LA MESA PODEIS VER EL MATERIAL QUE UTILIZAMOS PARA TOMAR DATOS Y ANOTARLOS: HOJA DE CAMPO, REGLAS, BÁSCULA PARA PESAR...











Monticreques

Os de 2º quixeron plasmar toda a súa investigación nun proxecto de dramatización ao que viñeron en chamar Monticreques.



Foron visitar a carpintaría do pai de Mario, compañeiro da clase, e con recortes de madeira foron dando forma aos seus monicreques.

Nestes momentos están ensaiando a obra, para deleitarnos con elas nuns días.



Visita ao Museo de Historia Natural da USC

Unha das visitas que programamos foi a de 1º e 2º ao Museo de Historia Natural de USC en Santiago de Compostela.



Alí puideron aprender moitísimas cousas do mundo animal coas súas coleccións.

Foi unha xornada magnífica, na que quedaron verdadeiramente abraiados con todo o que puideron contemplar.



AVALIACIÓN DO DESENVOLVEMENTO

Neste apartado queremos deixar constancia dos logros obtidos co desenvolvemento do proxecto:

- Grao de implicación: alumnado, profesorado, familias e resto da comunidade.
- Integración do Proxecto Voz Natura no Proxecto Educativo e nos sinais de identidade da nosa escola.
- Relación entre o proxecto e o currículo.
- Impacto na contorna.

Implicación dos distintos sectores

Unha das principais preocupacións do equipo directivo do CEIP A Lama é promover a participación de tódolos membros da comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias e sociedade da Lama (comunidades de montes, asociacións, concello, axentes con actividade relacionada co medio ambiente...).

O principal atranco que atopamos co **profesorado** é a total renovación do claustro que vimos experimentando nos últimos anos.

Isto fai que o esforzo por facer chegar a identidade da escola, que se vén forxando dende hai tantos anos, sexa enorme e provoque un desgaste

moi relevante nos poucos mestres con destino definitivo que permaneceron este ano.

Aínda así é xusto recoñecer que o profesorado se foi implicando en maior e menor medida no desenvolvemento do proxecto e que en liñas xerais todos aportaron ao colectivo.

Valoramos que a continuidade dalgúns dos titores fará que o vindeiro curso non lles colla por sorpresa a metodoloxía, as actividades que se programan e a súa integración nas programacións.

O **alumnado** é sen dúbida o máis implicado. A experiencia acumulada, logo de 25 edicións de Voz Natura, e o 12º Proxecto Documental Integrado dende que mudamos a metodoloxía de traballo, fai que sexan os principais demandantes e valedores do mesmo.

Neste momento, hai 3 xeracións de alumnos na nosa escola, que comezaron a participar no PDI con 3 anos e agora xa están no IES.

A súa valoración é moi positiva e nenos e nenas que con outras actividades están faltos de motivación, atopan nas propostas do proxecto a emoción necesaria para o aprendizaxe.

Isto vese reflectido nas súas cualificacións, que melloran nas avaliacións nas que o proxecto ten máis peso, entre os alumnos que nas actividades máis tradicionais non obteñen tan bos resultados.

As **familias** apoian e valoran o PDI dun xeito moi alentador para o profesorado.



Moitos comparten as inquedanzas que temos para fomentar neles un respecto pola natureza e o coidado do medio ambiente e se esforzan en colaborar con nós na organización de saídas, na creación de materiais, no desenvolvemento de proxectos audiovisuais, na intervención directa no medio, en xestos solidarios...

Penso que isto é unha das cousas que máis debemos valorar e agradecer das familias, que de xeito case unánime de mostra orgulloso do traballo desenvolvido no centro e os seus froitos, as veces en forma de recoñecemento e outras simplemente por poder palpar esas aprendizaxes significativas que os seus pequenos acadan a través do proxecto.

Dende que o actual equipo directivo traballa na escola e vai para 15 anos, fomos notando unha maior implicación da **sociedade da Lama**.

A relación coas comunidades de montes é excelente e colaboran na medida das posibilidades de cada unha, o concello está aí sempre que se lle demanda, aportando man de obra e maquinaria para a plantación e outras actividades, as asociacións locais tamén teñen colaborado cada vez que se lles requiriu e os axentes forestais da zona nos acompañan dende o comezo da nosa andaina en Voz Natura.

Integración no Proxecto Educativo

Unha das principais preocupacións do Equipo Directivo cada ano é como encaixará o novo profesorado o modelo educativo implantado.

O principal problema atopámolo no pouco tempo de formación e coordinación do que dispoñemos para expor que as súas programacións deben contemplar o desenvolvemento deste proxecto.

Aqueles mestres que se enfrontan por primeira vez á metodoloxía e á inquedanza do centro por un traballo competencial e que promova a Alfabetización Informacional e Mediática dende a Biblioteca Escolar, teñen que facer un esforzo grande por ir adaptando o seu xeito de traballar á realidade da nosa escola. Se lle unimos a isto, que ademais o queremos integrar na concienciación medioambiental e nos valores que promove Voz Natura, o esforzo é aínda maior.

O curso escolar xira entorno ao desenvolvemento do PDI, que foi atopando no calendario escolar diversas oportunidades para entrar e saír do seu desenvolvemento. Non é tarefa fácil saír do confort dos libros de texto, que resolven “daquela maneira” o mínimo do currículo, esquecendo que ademais de contidos, os nosos alumnos teñen que adquirir as competencias clave establecidas no currículo.

É aquí onde está a nosa principal aposta: **INTEGRAR PLENAMENTE PROXECTO VOZ NATURA NO PROXECTO EDUCATIVO**, para que non sexa un anexo máis e cobre sentido no día a día do noso alumnado.

A través da Biblioteca Escolar e co seu empuxe e dinamización conseguimos este obxectivo.



Relación entre o Proxecto e o Currículo

Unha das pezas clave para conectar o currículo é a transformación metodolóxica.

Ao decidiren no seu momento que o proxecto documental que promove a Biblioteca xiraría arredor da temática anual proposta por Voz Natura, vémonos obrigados a que isto quede reflectido nas programacións.

Nas Liñas Prioritarias e no Plan Anual de lectura que están incluídas na Programación Xeral Anual, contéplase o desenvolvemento dun PDI de centro, coordinado e impulsado polo equipo de biblioteca.

As instrucións que anualmente, cada comezo de curso, recibimos da Dirección Xeral de Persoal e Centros nos indican que a escola ten que promover dende a biblioteca a Alfabetización Informacional e Mediática (ALFIN), como impulsor da adquisición das Competencias Clave.

Sería totalmente imposible desenvolver ao tempo tantos proxectos, lembramos que tamén estamos en Radio na Biblio, Escornabots e Impresión 3D, Lectura Electrónica... se non establecésemos vínculos entre eles e o currículo.

Certo é que non todo o profesorado o consegue á primeira, xa que a concepción global do curso e os proxectos consolidados é algo que leva tempo. A pesar disto, nas reunións iniciais de preparación do curso, dende o equipo directivo se deixa ben claro que a liña debe ser esa.

Todos os aspectos do currículo que poidan entrar no proxecto deben tratarse nel e non fóra del.

Impacto na contorna

Dende o CEIP A Lama consideramos que a pegada que o desenvolvemento deixa na contorna é destacable.

Unha das actividades que máis visibilidade ten é a plantación en Racelo, onde se lle foi gañando terreo a un antigo vertedoiro ilegal.

Nestes momentos quedan poucos rastros do mesmo, e a colaboración entre a escola, a comunidade de montes, o concello e o servizo de axentes forestais, fixo posible convertelo nunha área recreativa cunha ampla colección de árbores.

Ademais o noso alumnado recibe unha sensibilización especial polo coidado do medio ambiente, poñendo en valor a riqueza natural e patrimonial que posuímos na Lama.

A preocupación polos incendios, polas especies animais ameazadas, polas boas prácticas medioambientais, pola reciclaxe, polo aforro enerxético, pola concienciación medioambiental... son conceptos que van calando nos nosos pequenos durante os 9 anos de permanencia entre nós.



COLABORACIÓNS

Para o desenvolvemento do proxecto deste ano contamos coa colaboración das seguintes entidades e persoas:

- Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre
- Concello da Lama
- Deputación de Pontevedra
- ANPA Cal do Vergazo
- Comunidade de Montes da Lama
- Comunidade de Montes de Xesta
- Concello de Ponte Caldelas
- Asociación A Rente do Chan
- Antonio Membrives (Axente Medioambiental)
- Asociación Adegas
- Radio Voz
- La Voz de Galicia
- RadioNova da Lama
- Asociación Río Barbeira
- Consellería de Medio Rural
- Distrito Forestal XIX
- Protección Civil Comarcal
- CEIP Manuel Cordo Boullosa.
- USC.
- Museo do Pobo Galego.

* Seguro que nos deixamos a alguén ou algunha entidade no tinteiro, dende estas liñas as nosas desculpas.